


# XORNADA - OBRADOIRO: COMO LEVAR A COMUNICACIÓN AUMENTATIVA E ALTERNATIVA A UN COLE?



g

TATIANA SUÁREZ  
ALBA PÉREZ  
21 DE OUTUBRO DE 2023

asmal

# CONTIDOS

A formación pretende abordar a temática da Comunicación Aumentativa e Alternativa baseada no paradigma da neurodiversidade e en estratexias específicas como a linguaxe natural asistida.

Os contidos específicos son:

- Presentación da CAA en contraste cos apoios visuais.
- Avaliación do alumnado con necesidades complexas de comunicación:
  - Comunicación expresiva.
  - Socios de comunicación e círculo de apoio. Redes sociais.
  - Linguaxe comprensiva.
  - Tipos de acceso.
  - Oportunidades de comunicación e/ou barreiras.
- A elección do SAAC segundo a avaliación.
- Deseño de comunicadores dinámicos e elección de vocabulario.
- Estratexias na ensinanza da comunicación.
- Deseño de contidos para o alumnado con necesidades complexas de comunicación:
  - Alfabetización emerxente e adaptacións metodolóxicas e curriculares.
  - Estimulación da linguaxe a través do SAAC.


# OBXECTIVOS

- Comprender o proceso de avaliación dun SAAC a través do paradigma da linguaxe natural asistida.
- Coñecer estratexias de avaliación comunicativa eficaces e específicas para un centro escolar.
- Analizar e realizar a avaliación de contido para alumnado con necesidades complexas de comunicación.
- Elaborar estratexias de intervención específicas para a comunicación a través dun SAAC nun centro escolar.

# METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

Formación teórica conxunta para asentir as bases da CA e formación práctica, dividida en grupos, onde buscaremos a participación e interacción das persoas asistentes para poder aplicar todo o tratado na primeira parte.

Elaboraremos actividades, baseadas en casos reais, para que, despois da formación, se poida poñer todo en práctica en entornos naturais (centro escolar...).



A actividade non presencial levarase a cabo a través dun pequeno traballo, directamente relacionado coa intervención, que será enviado ás relatoras con data máxima do 4 de novembro.

# RELATORAS



Tatiana  
Suárez  
Olveira

Logopeda especialista en rehabilitación neurolóxica, experta en Atención Temperá en prácticas centradas na familia e Sistemas Aumentativos de Comunicación.

Como principal campo de actuación está a poboación infantil con dificultades no neurodesenvolvemento. Fixo un cambio de paradigma para levar a cabo un novo proxecto “Terapias en entornos naturais con modelos centrados na familia”.

CEO e Fundadora de Logovida, Asesora e Responsable de formación de CA en Irisbond, formadora en programas da Xunta de Galicia en PFPP e Sanidade (SERGAS).

Alba  
Pérez  
Fernández



Psicopedagoga, mestra de educación infantil, mestra de educación musical, máster en psicopedagogía clínica, diplomada en comunicación aumentativa e alternativa.

Mestra de unidade específica en centro ordinario, Directora de Da Man espazo educativo e terapeuta en contexto natural a través de modelo centrado na familia, coordinadora do grupo Adapta e xestión de proxectos en Pictoaplicacións.

# DESTINATARIOS E HOMOLOGACIÓN

Aberto a tódalas persoas interesadas en seguir formándose, especialmente para Mestras e Mestres de Audición e Linguaxe, Pedagogos/as Terapeúticos/as, mestres de EP e ESO, logopedas e especialistas.



Para que os asistentes acaden a homologación por parte da Xunta, terán que asistir ás **8 horas de formación presencial** e realizar o **traballo posterior** antes do 4 de novembro de 2023, obtendo así un certificado de **10 h de formación**.



# HORARIO

**9:00 a 9:30** recepción dos asistentes e entrega de materiais

**9:30 a 14:30** formación en gran grupo

\*Descanso de **11:30 a 11:55\***

**14:30 a 16:15** descanso para a comida

**16:15 a 16:30** recepción de asistentes

De **16:30 a 19:30** talleres

# LUGAR

**Celebrarase na Fundación María José Jove**

C/Galileo Galilei 6. Edificio Work Center

A Grela. 15008 A Coruña

# PREZO

Socixs AGMAL/FEMAL 50€

Non socixs 100€

Estudantes 75€

**POLÍTICA DE CANCELACIÓN:** As cancelacións xustificadas recibidas por correo electrónico e, confirmada a súa recepción, realizarase un reembolso nas seguintes condicións:

- Ata o 21 de setembro de 2023 aboarase o 80% do importe.
- Do 21 de setembro ao 16 de outubro aboarase o 50% do importe.
- A partir do 16 de outubro non se realizarán devolucións.

Poderase solicitar o cambio de nome ata o 16 de outubro, sen coste adicional.

# INSCRICIÓN

Ofertaranse **70 prazas** que serán cubertas por estrita orde de inscrición e **pecharánse o 16 de outubro ás 23:59.**

A inscrición levarase a cabo a través dun formulario de google ao que se poderá acceder dende a web [www.agmal.org](http://www.agmal.org) dentro do apartado de formacións.

# ORGANIZA

A Asociación Galega de Mestres de Audición e Linguaxe (AGMAL) é unha asociación sen ánimo de lucro que nace no 2017 co fin de respaldar e apoiar a figura do profesorado de Audición e Linguaxe. Buscamos aportar o noso gran de area fomentando un mundo máis inclusivo. Para iso, organizamos formacións e reunións con distintos profesionais do campo da educación e da atención á diversidade, e estamos ao día nos avances e investigacións no campo da audición e a linguaxe. Na nosa web podeades atopar máis información para estar ao corrente dos retos que nos propoñemos e das novas liñas nas que traballamos.

